

## **Álvaro Santos e Francisco Sineiro analizan a situación do sector gandeiro nun coloquio organizado polo PSOE de Friol**

**A xornada, que terá lugar o vindeiro luns ás 21:00horas no Centro Sociocultural, e contará coa participación de José Luís Méndez Romeu e Margarita Pérez Herraiz**

**No encontro analizarase a difícil situación pola que atravesamos o sector e recolleranse as propostas que fagan os gandeiros para trasladalas ás administracións competentes**

**FRIOL, 16 DE ABRIL DE 2015.-** O concelleiro do PSdeG-PSOE e deputado provincial –Álvaro Santos- e o exconselleiro de Agricultura e profesor de Economía Agraria da USC -Francisco Sineiro, participan o vindeiro luns 20 de abril, nun coloquio sobre a situación do sector gandeiro que terá lugar, a partir das 21:00 horas, no Centro Sociocultural de Friol. Neste encontro, participarán tamén o voceiro do grupo socialista no Parlamento Galego – José Luís Méndez Romeu- e a deputada no Congreso – Margarita Pérez Herraiz-.

Este evento responde á demanda de gandeiros do concello para poder expoñer a interlocutores das distintas administración, sobre todo á central e autonómica, a súa situación e as súas perspectivas ante os gobernos do PP que non teñen en conta a realidade pola que están atravesando. Fronte a estes feitos, o PSOE é consciente da crítica situación que está a sufrir o sector, e por iso, durante o encontro recolleranse as diferentes propostas que fagan os gandeiros para trasladalas ás administracións competentes.

### **Intensa implicación dos socialistas**

Os socialistas lucenses veñen desenvolvendo un intenso traballo polo seu compromiso ante a difícil situación que atravesamos o sector, e que está a afectar especialmente á provincia de Lugo, pois é a maior produtora de leite de Galicia e incluso de España. Para poñer en valor o traballo dos profesionais do sector lucenses, o PSOE presentou diferentes iniciativas no Parlamento galego, no Congreso, no Senado e incluso no Parlamento Europeo, co obxectivo de que o Goberno Central incorpore os tres elementos básicos que deben estar presentes no novo decreto lácteo: que se garanta a recollida do produto, que se modifique a figura do mediador, de tal xeito que teña facultades reais de arbitraje e sanción, e que os contratos coas industrias teñan unha duración obrigatoria de dous anos.

Neste senso, este encontro súmase a máis dunha ducia de xornadas informativas organizadas dende o Partido Socialista da Provincia, e que se viñeron celebrando cun gran éxito de asistencia no último ano para informar sobre estes asuntos en diferentes concellos lucenses.